

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 3414** *Orde APM/283/2017, do 27 de marzo, pola que se modifican o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, e o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986.*

O Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro, establece os requisitos que se deben cumprir no proceso de produción das sementes de plantas forraxeiras, de acordo co establecido na Directiva 66/401/CEE do Consello, do 14 de xuño de 1966, relativa á comercialización das sementes de plantas forraxeiras.

O Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, establece o sistema xeral de control e certificación para a produción e emprego das sementes e plantas de viveiro, así como a fixación de normas para a súa circulación e comercio, de acordo coas diferentes directivas do Consello sobre comercialización de sementes e plantas de viveiro.

A Directiva 66/401/CEE do Consello foi modificada pola Directiva de execución (UE) 2016/317 da Comisión, do 3 de marzo de 2016, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/54/CE, 2002/55/CE, 2002/56/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta á etiqueta oficial dos paquetes de sementes.

A citada Directiva de execución (UE) 2016/317 da Comisión do 3 de marzo de 2016, modifica as directivas 66/401/CEE (forraxeiras), 66/402/CEE (cereais, millo e sorgo), 2002/54/CE (remolacha), 2002/55/CE (hortícolas), 2002/56/CE (pataca) e a Directiva 2002/57/CE (oleaxinosas e téxtiles). Non obstante, só é preciso traspor a parte relativa á Directiva de forraxeiras no Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, e a relativa ao «número de etiqueta» das sementes non certificadas definitivas, mediante a adición da dita mención no Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, porque nas demais especies de sementes xa está incluído nos regulamentos técnicos correspondentes a citada mención ao «número da etiqueta».

Así, a citada mención prevese no Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado pola Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, na letra a) do capítulo VIII, por relación co Regulamento xeral de control e certificación. O Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio, no número 20 do capítulo V, indica que as etiquetas oficiais conterán, entre outros datos, o número da etiqueta.

De igual maneira, a relación co citado Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiros prevese no Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo, aprobado pola Orde ARM/3369/2010, do 27 de decembro, na letra a) do seu capítulo VIII; na letra G) do capítulo IV do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado pola Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro; no capítulo VIII do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de remolacha, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986; no número X.2 do capítulo X do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986; no artigo 5 do Regulamento técnico de control e certificación de pataca de semente, aprobado polo Real decreto 27/2016, do 29 de xaneiro; na letra a) do capítulo VIII do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas, aprobado pola Orde

ARM/3371/2010, do 27 de decembro, e na letra a) do capítulo IX do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles, aprobado pola Orde ARM/3372/2010, do 27 de decembro.

Desta maneira, a presente norma incorpora ao ordenamento xurídico interno a parte xa citada da Directiva de execución 2016/317/UE da Comisión, do 3 de marzo de 2016, a través da correspondente modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, e do Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo un. Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro.

Engádesse o seguinte texto na epígrafe A) do anexo III do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado pola Orde ARM/3370/2010, do 27 de decembro:

- «a) Para as sementes de categoría prebase, base e certificada: a continuación de «Número de lote» engádesse «e número de orde atribuído oficialmente».
- b) Para as sementes de categoría comercial: a continuación de «Número de lote» engádesse «e número de orde atribuído oficialmente».
- c) Para mesturas de sementes: a continuación de «Número de lote» engádesse «e número de orde atribuído oficialmente».

Artigo dous. Modificación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986.

O artigo 26.b) do capítulo V do Regulamento técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, queda modificado como segue:

Un. Na letra a), a continuación do «Número de referencia do campo ou do lote» engádesse o guión seguinte: «Número de orde atribuído oficialmente».

Dous. Na letra b), a continuación do «Número de referencia do campo ou do lote» engádesse o guión seguinte: «Número de orde atribuído oficialmente».

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español o artigo 1 da Directiva de execución (UE) 2016/317 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, pola que se modifica a Directiva 66/401/CEE do Consello, relativa á comercialización de plantas forraxeiras, e, no relativo ás sementes non certificadas definitivas, os artigos 2 a 6, ambos inclusive, desta.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o 1 de abril de 2017.

Madrid, 27 de marzo de 2017.—A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.